

# **PROXECTO EDUCATIVO**

**CEIP PLURILINGÜE PARAIXAL**

- 1. Introducción**
- 2. Definición de PEC**
- 3. Marco legal**
  - 3.1 Rango Estatal:**
  - 3.2 Rango Autonómico:**
- 4. Onde estamos?**
  - 4.1- Datos de identificación**
  - 4.2- Descrición da contorna**
  - 4.3- Situación socioeconómica das familias**
  - 4.4 -Lingua empregada**
    - 4.4.1. Contorna sociolingüística do centro**
  - 4.5 -O edificio e as instalacións**
  - 4.6- Ofertas do centro (servizos e actividades)**
- 5. Quen somos?**
  - 5.1 Introducción**
  - 5.2 Filosofía do centro**
  - 5.3 Valores do centro**
- 6. Que queremos?**
  - 6.1.- Principios pedagóxicos**
  - 6.2.- Liña metodolóxica**
  - 6.3.- Obxectivos/ Fins e prioridades de actuación**
- 7. Como nos vamos a organizar para conseguilo?**
  - 7.1. Estrutura organizativa do Centro**
    - 7.1.1 Órganos de goberno**

PLURILINGÜE PARAIXAL

**7.1.1.1 Unipersoais: Equipo directivo**

**7.1.1.2 Colexiados: Consello Escolar, Claustro**

**7.1.2. Órganos de coordinación docente**

**7.1.2.1 Equipos de ciclo**

**7.1.2.2 Comisión de coordinación pedagóxica**

**7.1.2.3 Departamento de Orientación**

**7.1.2.4 Equipos de normalización e dinamización da lingua galega, equipo de actividades extraescolares e complementarias, equipos de tics, equipo de biblioteca e equipo de convivencia.**

**7.1.2.5 Outros**

**7.1.3 Persoal da administración**

**7.1.4 Asociación de nais/país**

**7.1.5 Horarios**

**7.2. Educación Infantil**

**7.2.1 Criterios agrupamento en infantil**

**7.2.2 Medidas para o período de adaptación en infantil**

**7.2.3 A Familia**

**7.2.4 Liñas xerais para a elaboración do plan de acción tutorial**

**7.2.5 Atención educativa**

**7.2.6 Coordinación entre etapas e ciclo**

**7.2.7 Aspectos curriculares**

**a. Obxectivos xerais**

**b. Areas de educación infantil**

**c. Principios metodolóxicos e pedagóxicos**

**d. Liñas xerais de atención a diversidade**

**e. Os criterios procedementos e instrumentos para a avaliación.**

**f. Criterios de promoción.**

**g. Tratamento lingüístico**

**h. Aspectos xerais para a elaboración da programación docente**

### **7.3. Educación Primaria**

**7.3.1 Criterios agrupamento en Primaria**

**7.3.2 A Familia**

**7.3.3 Liñas xerais para a elaboración do plan de acción tutorial**

**7.3.4 Atención educativa**

**7.3.5 Aspectos curriculares**

**a. Obxectivos xerais**

**b. Areas de educación Primaria**

**c. Principios metodolóxicos e pedagóxicos**

**d. Liñas xerais de atención a diversidade**

**e. Procedementos e instrumentos para a avaliación.**

**f. As competencias básicas na concreción curricular. Estratexias para o seu desenvolvemento**

**g. Criterios de promoción.**

**h. Tratamento lingüístico**

**i. Tarefas extraescolares**

**j. Aspectos xerais para a elaboración da programación docente**

**7.4 Relacións institucionais**

**7.5 Plans e proxectos do centro**

**8. Modificacións e difusión do PE**

**9. Anexos**

## 1. Introducción

A existencia nos últimos anos de múltiples cambios na lexislación educativa, coa publicación de diferentes leis, decretos, ordes, etc, obriga a actualizar o proxecto educativo (PE) existente neste centro, redactado hai moitos anos. Aínda que a súa redacción correspondeu, tal como dispón a lei, ao equipo directivo, tratouse de poñer en marcha unha metodoloxía que implicase a toda a comunidade educativa para recoller todas as ideas e propostas que dela puideran xurdir. A estratexia de traballo consistiu, fundamentalmente, nun proceso de discusión periódica dos puntos máis significativos nas reunións de claustro a partir de propostas abertas de documentos. A estrutura final que se presenta componse de seis apartados.

Na primeira parte trátase de situar o tema, empezando por definir o propio proxecto educativo, xa que é un termo que cambiou nos últimos anos en funcións das leis educativas correspondentes.

A continuación faise unha aproximación ás bases legais nas que se asenta.

A Terceira trata de situar o centro describindo as características físicas do entorno no que está situado.

A cuarta parte trata de definir quen somos. A filosofía do centro e os valores que queremos transmitir.

A seguinte parte está adicada o que queremos conseguir, fundamentado en principios pedagóxicos, e no que se recollen os obxetivos a perseguir.

A última parte está dedicada a como nos organizamos para conseguir os obxetivos marcados.

Coma carta de presentación intentaremos traballar con metodoloxías de aprendizaxe máis activas ao longo das distintas etapas. Acercar a natureza ao centro aproveitando a súa situación privilexiada. O plurilingüismo tamén será un eixe fundamental buscando que o alumnado adquira unha maior competencia en lingua inglesa ademáis de promover a dinamización da lingua galega no centro. Relacionámonos todos e todas por igual e a partir do PDC loitaremos contra o sedentarismo, creando hábitos deportivos saudables que perduren fora do centro escolar e ao longo de toda a vida. Todas estas cousas teñen a súa explicación e fundamento aquí, no PE que queremos levar a cabo os membros da comunidade educativa do noso colexio.

## **2. Definición de PE**

O concepto de Proxecto Educativo de Centro ten variado algo ao longo dos últimos anos. Coa publicación da LOE os centros gañan en autonomía e comezan a adaptar esta característica á realidade educativa dos mesmos. En esencia trátase de redactar un documento no que aparezan as características propias do centro e as medidas que nel se adoptan para organizar o seu funcionamento e conseguir así os obxectivos que se perseguen nos distintos ámbitos da comunidade escolar.

As decisións do Proxecto Educativo (PE) teñen un carácter vinculante e funcional, pois comprometen a todas as persoas da comunidade educativa e ofrecen a oportunidade de establecer as prioridades do centro como froito duns acordos e non como expresión de tendencias ou ideoloxías individuais.

O Proxecto Educativo (PE) é a nosa carta de presentación. Neste escrito amosamos onde estamos, quen somos, que queremos conseguir e como nos vamos a organizar para conseguilo.

### 3. Marco legal

#### 3.1 Rango Estatal:

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.(LODE).
  - ✓ Artigo 2. Fins da educación. Os puntos B e G modificados pola disposición adicional terceira da Ley 1/2004 de 28 de decembro. Medidas de protección integral contra a violencia doméstica.
  - ✓ Artigo 6. Artículo 6. Dereitos e deberes dos alumnos. Artigo redactado polo número 3 da disposición final primeira da L.O.E. 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
  - ✓ Artigo 4. Dereitos e deberes dos pais ou titores. redactado polo número 1 da disposición final primeira da L.O.E. 2/2006, do 3 de maio, de Educación
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.(LOE) modificada pola Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa 8/2013, do 10 de decembro (LOMCE)
  - ✓ Artigo 120. Punto 2
  - ✓ Artigo 121

#### 3.2 Rango Autonómico:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. ROC
  - ✓ Artigo 86
  - ✓ Artigo 87
  - ✓ Artigo 88
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria
  - ✓ Capítulo I:Proyectos de gestión del centro educativo  
Proyecto educativo de centro.
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ✓ Artigo 2º.-Principios xerais.
  - ✓ Artigo 3º.-Fins.
  - ✓ Artigo 4º.-Obxectivos.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galiza.
  - ✓ Artigo 3º.-Período de adaptación.

- ✓ Artigo 8º.-Proxecto educativo.
- ✓ Artigo 19º.-Carácter da avaliación.
- ✓ Artigo 20º.-Desenvolvemento do proceso de avaliación.
- ✓ Artigo 23º.-Avaliación final.
- ✓ Artigo 25º.-Información ás familias.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ✓ Artigo 1º ata a disposición adicional terceira.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galiza
  - ✓ Artigo 4. Sesións de avaliación
  - ✓ Artigo 6. Promoción de curso e de etapa
  - ✓ Artigo 10. Información e participación das familias
  - ✓ Artigo 11. Documentos de avaliación
- Lei de Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
  - ✓ Título II Dereitos e deberes de convivencia e participación directa
  - ✓ Artigo 10º. Plan de convivencia e normas de convivencia.
  - ✓ Artigo 11º. Condición de autoridade pública do profesorado.
  - ✓ Artigo 12º. Incumprimento das normas de convivencia.
  - ✓ Artigo 13º. Responsabilidade e reparación de danos.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
  - ✓ Capítulo II documentos e recursos complementarios sobre a convivencia escolar
  - ✓ Sección 1ª. Plan de convivencia
  - ✓ Sección 2ª. As normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia
  - ✓ Título III Conductas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección
- Decreto para o plurilingüismo. Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.
  - ✓ Artigo 4º.-Principios.
  - ✓ Artigo 5º.-Educación infantil
  - ✓ Artigo 6º.-Educación Primaria
  - ✓ Artigo 12º.-Horarios e utilización das linguas.
  - ✓ Artigo 21º.-Materias non lingüísticas impartidas en lingua(s) estranxeira(s).



- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galiza e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galiza.
  - ✓ Artigo 2. Definición de centros plurilingües.
  - ✓ Artigo 3. Requisitos dos centros plurilingües.
- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
  - ✓ Artigo 1º.-Autonomía na xestión económica dos centros públicos.
- Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ✓ Artigo 4. Principios xerais de actuación
  - ✓ Artigo 6. Actuacións dos centros docentes.

#### 4. Onde estamos?

##### 4.1- Datos de identificación

- Denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria
- Enderezo: Rúa Paraixal, 17
- Código do Centro: 36010678
- Teléfono/Fax: 886120233/32/31 886120234
- Nº de Unidades: 1 de Ed. Infantil e 3 de Ed. Primaria
- Alumnado: 48

##### 4.2- Descrición da contorna

O centro está ubicado no barrio do Paraixal na zona de Teis, a uns 3,5 Km. aproximadamente do centro da cidade de Vigo. Pertence ao mesmo municipio aínda que está situado nunha zona semiurbana onde predominan as vivendas unifamiliares. As características que sobresaen son:

<b>LOCALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O Centro está situado na ladeira norte do monte da Madroa, cara a ría de Vigo. O desnivel é o propio de dito monte.</li> <li>▪ Ao oeste do colexio hai un pequeno monte, de uso público, chamado “A Buraquiña”, por onde pasa un regueiro, a unha distancia aproximada de 50 m. do centro.</li> <li>▪ Esta rodeada por vivendas unifamiliares, pozos, manantiais, barrancos...</li> <li>▪ O terreo onde está construído, orixinariamente, era unha xunqueira.</li> <li>▪ Está dentro dunha zona arborada, de flora moi variada. Así linda con carballos, eucaliptos, piñeiros, castiñeiros, árbores froiteiras...</li> </ul>
<b>INSTALACIÓNS COLINDANTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A edificación significativa máis cercana é o Parque Municipal de Bombeiros, , a unha distancia aproximada 200 m.</li> <li>▪ Algunha vivenda unifamiliar</li> </ul>
<b>VÍAS DE COMUNICACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Rúas: Paraixal, Rorís, Paradela, Camiño da Buraquiña, Camiño do Paraixal, Xuncal, Anxel de Lema e Marina, Avenida de Bos Aires.</li> <li>▪ Nacional 552, Vigo-Pontevedra; Autoestrada do Atlántico; Autovía A9.</li> <li>▪ Estradas comarcais e camiños veciñais que circundan o Colexio e que levan o nome das rúas anteriormente citadas.</li> </ul>
<b>CLIMA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Clima oceánico.</li> <li>▪ Temperaturas suaves, algo mais frías polas mañás.</li> <li>▪ Precipitacións: o inverno e o outono son as estacións máis chuviosas.</li> <li>▪ Ventos dominantes do oeste que veñen cargados de humidade desde o océano.</li> </ul>

### 4.3- Situación socioeconómica das familias

As características socioeconómicas e culturais da poboación do entorno son:

- Nivel cultural medio na maioría das familias.
- Nivel económico e social medio.
- Vivendas unifamiliares e vivendas en edificios.
- En xeral as familias interézanse pola educación dos seus fillos/fillas.
- Colaboración da ANPA co Centro.

### 4.4 -Lingua empregada

#### 4.4.1. Contorna sociolingüística do centro

O Centro está ubicado no barrio do Paraixal na zona de Teis, a uns 3,5 Km. aproximadamente do centro da cidade de Vigo. Pertence ao mesmo municipio aínda que está enclavado nunha zona semiurbana onde predominan as vivendas unifamiliares.

Das enquisas realizadas cando se elaborou o vixente proxecto lingüístico podemos dicir que o centro conta cun alumnado maioritariamente castelán falante.

Nos últimos anos incorporouse alumnado galego-falante ao centro.

Na práctica docente seguiranse as pautas marcadas polo Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

### 4.5 -O edificio e as instalacións

#### AULARIO (altura: 10 m. aprox.)

AULARIO (altura: 10 m. aprox.)	
<b>PLANTA BAIXA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Acceso principal</li> <li>▪ Ao entrar á dereita: conserxería, aula de P.T., aula de A.L., aseos para o alumnado e profesorado.</li> <li>▪ No centro: escaleira principal e un aseo para o alumnado de Infantil.</li> <li>▪ Á esquerda: dúas aulas de Ed. Infantil, pequeno almacén, escaleira e saída de emerxencia.</li> </ul>
<b>PRIMEIRO ANDAR</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Á dereita: tres aulas de primaria, ascensor, aseos para o alumnado e un pequeno espazo para útiles de limpeza.</li> <li>▪ No centro continúa a escaleira principal.</li> <li>▪ Á esquerda: biblioteca, aula de música e escaleira de emerxencia.</li> </ul>

PLURILINGÜE PARAIXAL

<b>SEGUNDO ANDAR</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Á dereita: dúas aulas de primaria, ascensor, aula de informática, aseos para o alumnado e un pequeno espazo para útiles de limpeza.</li> <li>▪ No centro continúa a escaleira principal.</li> <li>▪ Á esquerda: aula de plástica, aula de inglés e escaleira de emerxencia.</li> </ul>
----------------------	---

**EDIFICIO DE OFICINAS (altura: 3 m. aprox.)**

<b>PLANTA ÚNICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dirección, secretaría, pequeno almacén con porta de ferro, aseo do profesorado e sala do profesorado.</li> </ul>
---------------------	---

**EDIFICIO DO XIMNASIO (altura: 6 m. aprox.)**

<b>PLANTA ÚNICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Orientación e aula pequena.</li> <li>▪ Ximnasio/salón de actos con aseos para o alumnado. Ao fondo hai outra dependencia, con entrada desde o propio ximnasio, na que se atopa o aseo para o profesorado e o almacén do material para E.F.</li> <li>▪ A continuación, o local da ANPA.</li> <li>▪ Ao final, o comedor e aseos para o alumnado. Ademáis da entrada polo ximnasio, conta con outra por esta zona.</li> </ul>
---------------------	---

**PATIOS**

<b>SUPERFICIES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cancha polideportiva con porterías e bancadas.</li> <li>▪ Patio cuberto</li> <li>▪ Patio exterior con canastras.</li> <li>▪ Horto</li> <li>▪ Patio infantil con areiros</li> <li>▪ Cancha polideportiva con canastras no patio inferior con bancadas.</li> <li>▪ Zonas axardinadas e con árbores.</li> </ul>
--------------------	---

**SALA DE ALMACENAMENTO**

#### 4.6- Ofertas do centro (servizos e actividades)

No CEIP Paraixal pódense cursar estudos de educación infantil e educación primaria.

Segundo o catálogo de postos de traballo publicado no DOG do 29 de xullo de 2014 están autorizadas 1 unidade en infantil, 3 en primaria. A partir do curso 2010-2011 conta cunha sección bilingüe para impartir plástica en primaria en inglés. E a partires do curso 2016-2017 convertímonos nun centro plurilingüe.

O noso centro está adscrito o I.E.S. A Guía.

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo do alumnado do CEIP Paraixal, en horario de 14 a 16 horas.

As instalacións do Centro, empréganse mañá e tarde:

- Mañá: horario lectivo de 9.00 a 14.00
- Tarde: actividades extraescolares e outras.
- Tamén o antigo alumnado e outros grupos que o desexen poderán empregar as do Centro, en horario distinto dos escolares (previa obtención da autorización correspondente).
- Estes grupos solicitarán permiso por escrito á Dirección do Centro, que tras un informe do Consello Escolar, o remitirá á Consellería de Educación para a súa resolución (Orde 22 de Xullo de 1997, Cap. III, 9) (DOGA 2 de Setembro de 1997).

## 5. Quen somos?

### 5.1 Introducción

O noso colexio é un proxecto que xorde das inquedanzas dun grupo de persoas que entenden que a educación necesita unha nova formulación. Poñendo en común as nosas ideas e crecendo a partir das nosas diferenzas.

Os gobernos cambian constantemente as leis educativas e, salvo matices, acaban sendo o mesmo, cun nome diferente.

A forza do noso proxecto reside nunha firme convicción no que facemos. A ilusión de ofrecer un sistema educativo que axuda a desenvolverse de maneira íntegra e que busca a felicidade de toda a comunidade educativa. Un centro de convivencia no que todas e cada unha das persoas que a el acoden, contáxianse dos demais para crecer en todos os sentidos.

Facemos do noso colexio un punto de encontro aberto. Fronte a un concepto pechado de escola, presentamos un proxecto de centro que abre as súas portas á súa contorna. Entendemos a escola como un ente relacionado. Formamos cidadáns e cidadás con preparación para convivir en sociedade, realizando un proceso educativo integrado na realidade da que van a formar parte.

Convidamos as familias a formar parte activa deste proxecto, abrindo as nosas aulas á súa colaboración. No noso colexio somos conscientes de que se poden e se deben alcanzar os obxectivos educativos partindo dos intereses do alumnado, respectando as súas individualidades, e celebrando e enriquecéndose coa súa diversidade.

Na nosa concepción da educación, o alumnado toma parte activa no seu proceso formativo, de tal forma que o profesorado convértese en figura mediadora e guía entre o alumnado e o coñecemento.

Rexeitamos un sistema de avaliación baseado fundamentalmente en probas escritas que non atenden á diversidade e que provoca o efecto contrario, alumnado inseguro e con baixa autoestima na contorna educativa.

Estas metodoloxías activas e cooperativas non só fomentan a cohesión e o bo funcionamento dos grupos de traballo senón que se afastan do habitual ambiente competitivo que predomina noutras metodoloxías.

Entendemos que a aprendizaxe dura toda a vida. Por iso é necesario dotar ao alumnado do interese e as ferramentas necesarias para seguir o seu enriquecemento persoal máis aló da súa etapa educativa formal. A escola ten a gran responsabilidade de asentar as bases necesarias para que na etapa adulta poidan ser felices e contribuír, a través dun sentido crítico e baixo o criterio dun sólido conxunto de valores persoais, á construción dunha sociedade máis xusta, empática e solidaria.

## 5.2 Filosofía do centro

A nosa filosofía de centro é un camiño de procura do saber no que toda a comunidade educativa está implicada.

Os nosos principios pedagóxicos teñen a súa orixe no nacemento da Escola Nova a finais do século XIX. A Escola Nova, baseándose nas innovadoras ideas de Rousseau (1712-1778) e, posteriormente, Clapadère (1873-1940) e no seu interese polo estudo biolóxico e psicolóxico da nena ou do neno e os procesos de aprendizaxe, propón un modelo no que o proceso de ensino-aprendizaxe céntrase no alumnado, os seus intereses e as súas individualidades.

O alumnado convértese en axente activo e protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe (autoeducación), a través da súa socialización mediante o traballo cooperativo e coa fin de proporcionar un coñecemento global e non parcelado en materias.

Estes principios comúns foron adaptados e interpretados nos distintos países e realidades nas que se foron implantando. Así o fixo Maria Montessori (1870-1952) en Italia, a escola Summerhill de A. S. Neill (1883-1973) en Inglaterra ou a Institución Libre de Ensino (ILE), fundada entre outros por Giner dos Ríos (1839-1915), en España.

Unha idea similar xestábase á vez en Estados Unidos. O filósofo e educador americano John Dewey (1859-1952), propoñía o seu "hands-on learning" ou "experiential education" (aprendizaxe a través da interacción directa). Expón unha adquisición de destrezas a través das situacións da vida. Como el mesmo expresa, "se as fins educativas orixínanse nas actividades reais da vida, serán tantas e tan variadas como a vida mesma." O alumnado convértese en investigador que observa, consulta e actúa.

En coherencia co aquí exposto, é momento de apuntar o carácter dinámico e flexible do noso proxecto educativo. A pesar de asentarse sobre os alicerces teóricos e prácticos mencionados, sería un erro consideralo un documento pechado. Se cremos, como destacamos, nun proceso educativo en contacto directo coa realidade na que ten lugar e se consideramos que a realidade está en continuo cambio, é lóxico concluír que a constante revisión dos procesos de ensino-aprendizaxe é fundamental na procura dunha exitosa formación integral.

A nosa escola leva a cabo unha continua formación de todas as persoas da comunidade educativa, coa finalidade de incorporar ao noso centro os últimos e contrastados avances pedagóxicos que se van desenvolvendo dentro e fóra das nosas fronteiras.

Desta forma, investigamos, analizamos e incorporamos á nosa práctica docente aqueles conceptos que axudan a dar forma a unha pedagogía reformista, que segue evolucionando na actualidade:

- ✓ A xa mencionada pedagogía da acción de John Dewey (1859-1952) e a súa "aprender facendo".

- ✓ As teorías xenético-cognitivas de Jean Piaget (1896-1980) sobre o desenvolvemento cognitivo, que defenden que o pensamento ten unha base xenética pero que só se pode desenvolver a través de estímulo socioculturais e que a evolución da intelixencia práctica parte da acción.
- ✓ As teorías xenético-dialécticas de Lev Vygotsky (1896-1934), os seus estudos sobre a psicoloxía do xogo e o concepto da zona de desenvolvemento próximo. Neles explica e explicita e profunda interconexión entre a linguaxe oral e o desenvolvemento dos conceptos mentais, a interiorización de conceptos a través do xogo ou a distancia entre o nivel de desenvolvemento efectivo do alumnado (aquilo que é quen de facer de xeito autónom0) e o nivel de desenvolvemento potencial (aquilo que sería quen de facer coa axuda dunha persoa ou un/unha igual máis capaz).
- ✓ As teorías pedagóxicas de Francesco Tonucci (1941) onde expresa a importancia de deixar tempo aos nenos e nenas polas tardes para facer cousas distintas ás da escola; escoitar ao alumnado para formar entre todos e todas o coñecemento e incorporar a realidade da contorna ao ámbito educativo.
- ✓ A “pedagogía do oprimido” de Paulo Freire (1921-1997) baseada na comprensión crítica da realidade social, política e económica na que está o alumnado alfabetizado. Considera a educación como un medio para construír liberdades.
- ✓ O constructivismo de David Ausubel (1918-2008), a aprendizaxe significativa e as súas achegas á motivación de docentes e alumnado. Expón na súa teoría que os contidos deben ter significado en si mesmos e o significado potencial de asentarse con lóxica nos coñecementos previos do alumnado.
- ✓ O traballo colaborativo de David W. Johnson (1940) e Roger T. Johnson (1927), que definen como "o emprego didáctico de grupos reducidos no que o alumnado traballa xunto para maximizar a súa propia aprendizaxe e a dos e das demais". E a súa teoría da controversia na que se sostén que o feito de enfrontarse a puntos de vista opostos crea incerteza ou conflito conceptual, o cal provoca unha reconceptualización e unha procura de información, que á súa vez dan como resultado unha conclusión máis refinada e razoada.
- ✓ Os estudos sobre a creatividade de Donald J. Treffinger (1941) onde a contempla no amplo marco do pensamento produtivo e defínea como produto dun número de estratexias que as persoas usan para razoar, solucionar problemas, tomar decisións e dar sentido e significado á vida.

Estas teorías dan lugar aos alicerces da nosa metodoloxía. Neles, a aprendizaxe escolar é un proceso constructivo do coñecemento que o alumnado elabora a través de actividades en diversas áreas de ensino, aprendendo a resolver situacións problemáticas en colaboración con outros compañeiros e compañeiras. A ausencia dunha doutrina ou ideoloxía ríxida á que supeditar a nosa maneira de concibir a educación, permítenos enriquecer o noso proxecto educativo, incorporando a el as achegas positivas que nos chegan dun mundo educativo complexo e heteroxéneo. Celebramos así unha diversidade na que recibimos as



achegas de individualidades dentro e fora da aula, con mente aberta e sentido crítico, favorecendo a construción dun proxecto de vida na que todos e todas aprendemos de todas e todos.

### **5.3 Valores do centro**

Estes valores, moitos recoñecidos na Declaración dos Dereitos Humanos (París, 1948), forman parte da nosa identidade como centro escolar e da nosa cultura organizativa. Son a marca da nosa forma de traballar e relacionarnos. Queremos que cheguen a ser a forma de vida do noso alumnado.

#### **LIBERDADE**

Entendemos por liberdade a capacidade que as persoas temos para decidir o noso estilo de vida, así como a responsabilidade de asumir as consecuencias ou medidas da devandita elección.

#### **IGUALDADE e EQUIDADE**

Todas as persoas nacen libres e iguais en dignidade e dereitos. Polo tanto, o noso deber educativo é procurar que se respecte este dereito ofrecendo igualdade e equidade de oportunidades a todo o noso alumnado.

#### **SOLIDARIEDADE**

A solidariedade é a axuda ou apoio que se lle presta a quen o necesita de forma altruista. O espazo educativo do noso colexio é un lugar privilexiado para afianzar este sentimento humano e establecer lazos de empatía co resto dos seres vivos.

#### **RESPECTO**

Cada persoa ten capacidades distintas. Sabernos diferentes axúdanos a comprender que as demais non sempre van pensar como unha mesma. Este valor é a base dunha boa convivencia e unha gran ferramenta para a resolución de conflitos e o respecto as normas que ten o colexio.

#### **HONESTIDADE**

A honestidade axúdanos a forxar unha personalidade que parte do autocoñecemento profundo e que se manifesta na sinceridade e a procura do ben, asumindo os erros e as consecuencias dos nosos actos.

#### **ESFORZO**

Crece con este valor axudará ao noso alumnado para superar as dificultades, traballar con constancia e construír a súa propia forma de vivir. Con esforzo conseguirán o que se propoñan e trataremos de mostrarllo no percorrido que realicen durante os anos que pasen no noso colexio.

## VALENTÍA

Necesítase valentía para defender aquilo no que se cree, os ideais propios, sempre dende o respecto ás normas existentes. A valentía é unha virtude que nos anima a levar adiante calquera acción digna e respectable.

## COLABORACIÓN

No noso proxecto educativo buscamos a forma de unirmos para conseguir metas comúns a través do intercambio de fortalezas. A colaboración é fundamental na nosa contorna laboral, por iso, esta forma de entender a vida favorecerá que as persoas que formamos parte da comunidade educativa consigamos preparar cidadanía adulta para os novos tempos que lle esperan.

## HUMILDADE

É o valor que axuda a non presumir das fortalezas e recoñecer as debilidades propias actuando sen arrogancia. Coñecer a capacidade de restar importancia aos propios logros e virtudes e de recoñecer os seus defectos e erros sen vanagloriarnos por eles.

## 6. Que queremos?

### 6.1 Principios pedagoxicos

#### 1. Educación inclusiva e integral.

É necesario formar persoas en todas as súas dimensións. Partimos de que a escola non pode centrarse só no intelectual, senón que ha de axudar ao alumnado no seu desenvolvemento integral, traballando con igual importancia o ámbito cognitivo, motriz, emocional e social.

Ademais o noso centro defende a educación inclusiva como o medio máis efectivo de combater as actitudes discriminatorias. Entendemos que a educación inclusiva é unha forma de vida baseada na crenza de que cada persoa é valorada e pertence a un grupo. Para que todo o alumnado se sinta incluído, é necesario apoiar as cualidades e as necesidades individuais de todo o alumnado da comunidade escolar.

#### 2. Educación plural e respectuosa.

O noso centro é un espazo de respecto á diversidade en cuestións relixiosas, ideolóxicas e políticas.

Un dos obxectivos esenciais do colexio é desenvolver o espírito crítico do alumnado. Este espírito crítico implica o respecto ás diferentes opinións e a tolerancia cara a aquel que chega a solucións diferentes sempre nun marco de respecto.

Como centro público somos aconfesionais. A escola como tal non adoptará posicións relixiosas ou ateas senón de total respecto cara as crenzas de cada persoa.

A escola debe ser, e así é, ideoloxicamente pluralista nas súas vertentes política e relixiosa. Por elo tentará dar ao alumnado as informacións o máis “obxectivas” posible para que forme progresivamente os seus propios criterios e ideas.

#### 3. Educación activa, vivencial e experiencial.

Defendemos unha pedagogía centrada na interacción do alumnado coa súa contorna. A través da súa relación directa coa realidade conséguense dous obxectivos fundamentais no proceso de formación integral: espertar o interese e a motivación derivados dun coñecemento práctico, e axudar a unha efectiva asimilación dos conceptos. O alumnado convértese en investigador, no sentido científico do termo, e en xestor dos seus coñecementos. Desta maneira, o papel do profesorado irá perdendo protagonismo a medida que o alumnado vai adquirindo autonomía. Empezará guiando o proceso ata conseguir espertar no alumnado o interese pola aprendizaxe, á vez que lle proporciona as ferramentas necesarias para usar ese coñecemento de maneira proveitosa e enriquecedora.

Nesta educación activa e vivencial, tampouco ten cabida o uso exclusivo de libros de texto que chegan a converter os contidos en algo pechado e inamovible.

Por iso fomentamos a creación do noso propio material didáctico. Un material no que o alumnado pode participar coas súas propostas e inquiredanzas.

No seu papel de incluír no centro educativo a realidade inmediata, as TIC cambiaron a forma de achegarse á información, facendo necesaria a adaptación da comunidade educativa a este novo panorama.

Débase fomentar no alumnado un sentido crítico ante a información que recibe, dotarlle de ferramentas que lle axuden a diferenciar o que é relevante do que non o é, ensinarlle a relacionar ese coñecemento co xa adquirido e co que está por chegar, e usalo para crear os seus propios contidos e construír a súa propia identidade.

#### 4. Educación para a reflexión e o pensamento diverxente.

O noso centro busca crear persoas críticas e reflexivas. Pretendemos desenvolver a capacidade do alumnado para cuestionarse o que vén dado, rompendo prexuízos e pensamento impostos, cuestionándose a realidade. Para iso utilízanse metodoloxías nas que o alumnado chegue por si mesmo a conclusións a partir da súa reflexión.

O pensamento diverxente consiste na procura de alternativas creativas e diferentes para a resolución dun problema. O pensamento diverxente tende a producirse de maneira espontánea, creando nexos inesperados entre ideas.

#### 5. Educación participativa e cooperativa.

Entendemos que facer partícipe ao alumnado na toma de decisións ten efectos moi favorables na convivencia. As persoas respectan a quen lles respecta, escoitan a quen lles escoita. A participación na escola fai que o alumnado a sinta como propia, identifíquese con algo do que forma parte, sintase responsable do que nela ocorra. É un espazo no que os nenos e nenas desenvolven a súa autonomía e aprenden a ser cidadáns e cidadás.

Aplicamos a educación para a cooperación. Partimos da crenza de que vivimos nun mundo cada vez máis individualista, no que a insensibilidade cara as demais persoas é cada vez maior. Queremos que o noso centro loite contra este individualismo formando persoas empáticas, abertas á súa contorna e solidarias coa humanidade, que sexan quen de poñerse no lugar dos e das demais e axudarlles a cubrir as súas necesidades. Para iso traballamos nalgunhas tarefas cooperativamente nas aulas para que o traballo colectivo prevaleza sobre o individual. Partese da idea de que o coñecemento é co-construído polo alumnado e o profesorado mediante a colaboración en actividades conxuntas, as contribucións das diferentes persoas da comunidade dan lugar ao enriquecemento do discurso na aula e fomentan a aprendizaxe significativa.

#### 6. Educación emocional e personalizada.

Para lograr o desenvolvemento integral da persoa é imprescindible prestar gran atención á intelixencia emocional do alumnado. Se consideramos que a motivación e o bo clima na aula son axentes potenciadores da aprendizaxe, parece obvio que a educación emocional influe moi positivamente na educación intelectual.

A intelixencia emocional permítenos tomar conciencia das nosas emocións, comprender os sentimentos de quen nos rodea, tolerar as presións e frustracións que soportamos no traballo e acentuar a nosa capacidade de traballar en equipo.

Falamos de educación emocional e non de intelixencia emocional porque entendemos que é unha capacidade que se pode aprender. Son catro as habilidades que traballamos co alumnado: conciencia propia, autorregulación, motivación e empatía.

Un dos nosos principais obxectivos é axudar ao alumnado para ser persoas intelixentes emocionalmente. Cremos que as persoas cunha boa intelixencia emocional axudan a construír un mundo de persoas máis felices e unha sociedade máis xusta e equitativa.

Defendemos un modelo de educación personalizada xa que partimos de que cada persoa ten unhas motivacións, unhas características, unha forma diferente de aprender e uns obxectivos. Cremos que en educación débese partir da singularidade, a orixinalidade e a autonomía da persoa, que respecta a cada nena e cada neno polo que é e que se adapta ás particularidades individuais, considerando os distintos ritmos de aprendizaxe.

#### 7. Coeducación.

O noso colexio parte do feito de que homes e mulleres somos iguais en dereitos, defendendo un modelo de escola coeducativa. Este modelo vai máis alá, pois parte da necesidade de compensar unha contorna sexista e non neutra. O obxectivo da escola coeducativa, é a eliminación de estereotipos entre sexos, superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre o alumnado e convídase a transformar as relacións entre homes e mulleres, nun marco máis equitativo e a potenciar a transgresión de roles estereotipados.

#### 8. Educación ambiental

O noso centro integra a educación ambiental dentro dos principios que nos moven. O noso proxecto educativo é consecuente con el e defende a educación ecolóxica e ambiental desde o exemplo.

Buscamos traballar pola sustentabilidade socio-ambiental do centro educativo e da súa contorna.

### **6.2 Línea metodolóxica**

- a) Partir do que o alumnado coñece.
- b) Facilitar a construción de aprendizaxes, de tal xeito que o profesorado, actuando de guía ou persoa mediadora, permita que o alumnado sexa o descubridor da relación entre o novo contido e a experiencia que xa ten. Créase así no alumnado unha nova estrutura cognitiva.
- c) Ampliar o descubrimento de relacións (globalizar) a novas situacións ou contextos, co que se chega a interiorizar unha serie de estratexias que permitirán a consolidación da estrutura cognitiva creada. Cando esta estrutura estea consolidada estaremos ante a aprendizaxe funcional. O alumnado encontra utilidade ao novo contido, tanto para a vida real como para a adquisición doutros coñecementos.

d) Facer consciente ao alumnado, mediante información, do momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos a conquistar.

Seguindo este proceso (estes catro apartados), a aprendizaxe será significativa.

En conclusión, o modelo de aprendizaxe será significativo, sendo o papel do profesorado o de guía ou mediador; o do alumnado, de construtor e descubridor; e o do medio, o punto de partida.

### 6.3 Obxectivos/ Fins e prioridades de actuación

#### ✓ Pedagóxicos:

- Desenvolver e levar a práctica novas metodoloxías fundamentadas nos principios pedagóxicos deste proxecto educativo.
  - Desenvolver actividades cooperativas e misturar aulas nalgunhas actividades.
  - Adaptar as metodoloxías á diversidade da aula.
  - Eliminar o libro de texto en E.I. e nos primeiros cursos de E.P. E reducilos progresivamente nos cursos superiores.
  - Desenvolver programas de estimulación temperá.
  - Concienciar ao alumnado da importancia de coidar a natureza.
  - Fomentar actividades que traballen a igualdade e a equidade de xénero
- Incorporar, na medida do posible, os avances das tecnoloxías á acción docente.
  - Intentar a introducción da robótica nas aulas.
  - Dotar de pizarras dixitais máis aulas.
  - Incorporar recursos dixitais que formen parte da metodoloxía da aula.
  - Manter actualizados os blogs e a páxina web do colexio.
  - Fomentar a participación do centro en programas audiovisuais.
- Fomentar o plurilingüismo e a diversidade lingüística e cultural. Conseguindo mellorar o nivel de competencia do alumnado en lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa sendo un centro plurilingüe de referencia.
  - Fomentar actividades culturais dos países de fala inglesa coa axuda do persoal nativo auxiliar de conversa.
  - Fomentar actividades culturais en galego.
  - Fomentar proxectos que melloren a adquisición do galego.
  - Coordinar os currículos das linguas, establecendo concordancia entre os seus contidos.
  - Priorizar unha lingua de comunicación básica no alumnado con NEAE.

- Aumentar o horario escolar en lingua inglesa.

#### ✓ Referidos ao centro

- Poñer todos os medios e recursos económicos e administrativos do centro ao servizo da súa finalidade esencial, a formación integral do alumnado.
  - Renovar materiais priorizando funcionalidade, innovación e atractivo.
  - Empregar a biblioteca como lugar de aprendizaxe clave, non só de lectura.
  - Conseguir máis recursos entrando en novos programas: exemplo PLAMBE.
  - Aumentar o fondo de libros en galego e inglés.
  - Transformar unha aula de infantil nun espacio novo e estimulante para o alumnado.
  - Renovar material deportivo deteriorado.
  - Adaptar e elaborar materiais adecuados ás necesidades do alumnado (en especial do alumnado con NEAE).
- Modificar e transformar o centro para adaptalo o modelo de colexio que queremos.
  - Coidar o medio que nos rodea e empregalo para os aprendizaxes.
  - Transformar o patio de abaixo para achegalo máis á natureza.
  - Organizar a biblioteca.
  - Crear un entorno máis próximo á natureza a través de creación de zonas verdes.
  - Transformar e buscar novas posibilidades ao patio principal.
  - Modificar e crear un entorno que fomente as relación desde a igualdade e a inclusión.
- Participar en proxectos que enriquezan a toda a comunidade educativa.
  - Intentar a participación en novos programas educativos: Voz Natura, PLAMBE,..
  - Dar continuidade aos proxectos actuais: plurilingüísmo, PDC,..
- Crear un bo clima de convivencia entre toda a comunidade educativa.
  - Seguir as directrices do profesorado e do equipo directivo.
  - Respectar as normas de convivencia do colexio e asumir as medidas impostas polo centro.
  - Avanzar no respecto entre as persoas que componen a comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar

#### ✓ Referidos ao alumnado

- Perseguir o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
  - Potenciar o gusto pola lectura proporcionándolles os medios para tal fin.

- Facer enquisas sobre os seus intereses.
- Favorecer unha educación baseada na experimentación, o intercambio de información e reflexión.
- Mellorar a capacidade de atención e concentración.
- Participar en programas de interese para o alumnado que lles permita desenvolver o seu potencial.
- Fomentar a autonomía da vida diaria e de traballo.
- Aumentar os niveis de autoestima e motivación do alumnado.
- Poñer en práctica e apreciar os valores básicos que rexen este Proxecto Educativo.
  - Fomentar a integración para aprender estratexias de traballo en grupo.
  - Potenciar actividades en contacto coa natureza.
  - Respetar os traballos e exercicios presentados polos compañeiros e compañeiras.
  - Contribuír a crear un centro inclusivo, eliminando estereotipos de sexo e xénero.
  - Colaborar e participar nos distintos proxectos e actividades do colexio.
  - Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo, e conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.
- Axudar ao alumnado para ser persoas intelixentes emocionalmente e a desenvolver o seu espírito crítico dende o respecto ao resto da comunidade educativa e ao centro.
  - Introducir a titoría entre iguais.
  - Participar na resolución dos conflitos do colexio empregando o diálogo e asumir as medidas establecidas no plan de convivencia.
  - Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito das súas compañeiras e dos seus compañeiros á educación e a autoridade e orientacións do profesorado.
  - Ensinar técnicas e hábitos de estudo.
  - Participar suxerindo cambios que poidan transformar o colexio nun centro mellor.
  - Mellorar as habilidades sociais, empatía, tolerancia, xestión de emocións,....

#### ✓ Referidos ao profesorado

- Potenciar o traballo en equipo do profesorado para levar á práctica novas metodoloxas fundamentadas nos principios pedagóxicos deste Proxecto Educativo.
  - Fomentar medidas de coordinación entre etapas.
  - Levar a cabo formación entre equipos de coordinación.



- Elaborar en equipo as novas programacións, en especial a do alumnado con NEAE.
- Enfatizar a posta en práctica de novas metodoloxías.
- Facilitar o desenvolvemento das aptitudes e cualidades profesionais e persoais de todo o profesorado. Incorporar, na medida do posible, os avances tecnolóxicos á acción docente.
  - Fomentar a participación en cursos, talleres, obradoiros...
  - Fomentar o uso das novas tecnoloxía entre o profesorado.
  - Empregar as pizarras dixitais como elemento complementario.
  - Fomentar a formación relacionada coa diversidade do centro.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade, mantendo un clima de traballo agradable no que todas as opinións sexan escoitadas e valoradas para chegar a acordos consensuados
  - Darlle continuidade á toma de decisións de forma consensuada.
  - Favorecer a coordinación entre etapas.
  - Adquirir material en función das necesidades do centro.
  - Respetar e valorar as diferentes opinións para chegar a acordos.
  - Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia no centro.
  - Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todas as persoas que componen a comunidade educativa
  - Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñendoas en coñecemento das persoas responsables da Dirección do centro
- ✓ **Referidos as familias**
- Fomentar a participación e atender as propostas das familias fomentando o diálogo e a colaboración co centro.
  - Crear sentimento de pertenza.
  - Coñecer as propostas e ideas das familias.
  - Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.
  - Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia do alumnado.

- Fomentar a participación das familias na marcha xeral do centro.
- Invitar ás familias ás actividades e conmemoracións máis importantes.
- Realizar propostas ao consello escolar.
- Programar actividades nas que participen as familias.
- Participar e colaborar nas iniciativas e actividades promovidas por entidades culturais e sociais do entorno, por organismos oficiais e por outras institucións sen ánimo de lucro.
  - Promover e organizar actividades e formativas para toda a comunidade educativa (en especial sensibilización coa diversidade).
  - Participar en programas do concello e entidades da localidade.
  - Colaborar con outros organismos e institucións da comunidade educativa.
  - Colaborar en temas que melloren o funcionamento do noso centro: horta, comedor, transporte, aula madruga...
  - Colaborar nas actividades complementarias do centro, como apoio organizativo e económico.
- Establecer canles que permitan unha fluída e efectiva comunicación entre as persoas que componen a comunidade educativa.
  - Favorecer as titorías entre familia e profesorado..
  - Invitar ás familias a participación en obradoiros.
  - Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
  - Utilizar novos canles de comunicación entre a familia e o centro (redes sociais, apps, etc...).
  - Trasladar ás familias toda información que poida ser do seu interese.

## **7. Como nos vamos a organizar para conseguilo?**

### **7.1. Estrutura organizativa do Centro**

#### **7.1.1 Organos de goberno**

##### **7.1.1.1 Unipersoais: Equipo directivo**

A dirección, xefatura de estudos e a secretaría serán as interlocutoras entre todos os sectores da comunidade educativa, propiciando a participación e o bo entendemento entre eles. Nestes momentos o equipo directivo do noso centro debido a redución de unidades so está formado polo Director ou Directora.

Coa LOMCE as funcións da dirección quedan recollidas no Capítulo IV, artigo 132.

##### **7.1.1.2 Colexiados:**

Consello Escolar

E o órgano a través do cal participan na xestión do centro as diversas persoas que componen a comunidade escolar. A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no Capítulo III, artigo 126 e 127.

Claustro

O Claustro de profesoras e profesores é o órgano propio de participación deste colectivo. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido pola dirección do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMCE.

#### **7.1.2. Órganos de coordinación docente**

##### **7.1.2.1 Equipos de ciclo**

Establecense os seguintes Equipos de Ciclo:

- Educación infantil
- Coa LOMCE desaparecen os ciclos na etapa de educación primaria.

##### **7.1.2.2 Comisión de coordinación pedagóxica**

A finalidade desta comisión é garantir a coherencia e coordinación vertical do proxecto curricular do centro. Composición: Estará presidida pola dirección do centro, e integrada pola xefatura de estudos, coordinadoras e coordinadores de ciclo, o profesorado de apoio ao alumnado con N.E.A.E., a coordinadora ou coordinador

do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, a coordinadora ou coordinador do equipo de biblioteca e a xefa ou xefe do departamento de orientación.

Coa aplicación da LOMCE non existen coordinadoras ou coordinadores de Ciclo en educación primaria polo que acudirán ao departamento unha persoa de cada nivel.

No CEIP Paraixal pertencen á CCP todo o claustro do colexio.

As súas competencias son as seguintes:

- a) Elevar propostas ao claustro coa finalidade de establecer os criterios para a elaboración das concrecións curriculares.
- b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, as concrecións curriculares e a PXA.
- d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas e do plan de acción tutorial, así como das ACS.
- e) Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ao centro de Formación Continuada do Profesorado.
- f) Realizar, de ser o caso, a proposta da Xefatura de Estudos coa finalidade de que se designe unha persoa responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- g) Propoñer ao profesorado que han de formar parte do equipo de normalización e dinamización lingüística, biblioteca e TIC.
- h) Cooperará co profesorado do centro en programas axeitados para ensinar a pensar, a estudar, e a mellorar a interacción entre alumnado e profesorado.
- i) Elaborar conxuntamente co equipo de docentes estratexias para fomentar a autoestima do alumnado, a convivencia, a ampliar as dimensións transversais do currículo (educación para a paz, educación para a saúde, coeducación, etc.) mediante charlas, coloquios, vídeos e actividades lúdicas.
- j) Coordinarase co departamento de orientación, profesorado de apoio, de apoio á integración, etc., nos casos de alumnado que manifesten necesidades educativas especiais ou de inadaptación escolar ou social.
- k) Elaborar propostas de realización de actividades complementarias e extraescolares.

### **7.1.2.3 Departamento de Orientación**

O Departamento de Orientación na actualidade é compartido entre os seguintes centros: CEP Santa Tegra que ten adscrita a EEI Monte da Guía e o CEIP Paraixal.

Forman parte do Departamento de Orientación:

- Profesorado de Pedagogía Terapéutica.
- Profesorado de Audición e Linguaxe.

- Responsable do Departamento de Orientación.

O responsable do Departamento de Orientación, comparte con outros dous centros: CEP Santa Tegra (Centro base) e a EEI Monte da Guía que está adscrita ó anterior centro.

O Profesorado de PT: tamén comparte centros: o CEIP Paraixal (Centro base) no que está os luns, mércores e venres e a Escola Infantil Monte da Guía na que está os martes e xoves.

O Profesorado de AL tamén comparte centros: o CEIP Paraixal (Centro base) e a EEI Rúa Aragón no que está mércores e venres.

Liñas de actuación.

Cos datos da retroalimentación das memorias do profesorado tutor e do propio departamento, das directrices dos Equipos Directivos e da CCP, e da contextualización da Circular 18/2007 e da Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e de Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións sobre actuacións e accións prioritarias, articulamos o plan nestas liñas de referencia:

A. Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo. Asesoramento e elaboración, no ámbito das competencias do Departamento, na elaboración do proxecto educativo.

B. Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos no marco da escola plural.

C. Actuacións que teñen como eixo nuclear o desenvolvemento do plan de acción tutorial, en especial o asesoramento referido a:

- Aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial.
- A convivencia inxerida no PAT.
- Desenvolvemento das competencias básicas dende a acción tutorial.
- Propostas de incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.

D. Actuacións que teñen por obxecto a colaboración na planificación e desenvolvemento do plan de atención á diversidade:

- Identificación temperá de necesidades.
- Revisión-modificación das medidas de atención posibles para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Mellora das canles de coordinación que faciliten o tránsito do alumnado entre ciclos e etapas e do que se incorpora de novo ao centro.

E. Actuacións referidas á formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación.

- Colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación das persoas integrantes do departamento en proxectos e programas de innovación.
- Participación na formación permanente dos orientadores e orientadoras, nas diferentes modalidades formativas, así como en proxectos europeos de mobilidade.
- Participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., poñelos a disposición do profesorado do centro para a súa consulta.
- Actualización permanente da páxina web do centro como medio principal de participación no punto anterior.

F. Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación do alumnado, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa:

- Propostas de medidas encamiñadas a disminuir o absentismo escolar e o abandono temperá dos estudos.
- Dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, da implicación activa das familias nos órganos de participación do centro e no fomento da convivencia.

#### **7.1.2.4 Equipos de normalización e dinamización da lingua galega, equipo de actividades extraescolares e complementarias, equipos de tics, equipo de biblioteca e equipo de convivencia.**

No CEIP Paraixal pertencen aos distintos equipos todo o claustro do colexio. Nomearase un coordinador ou coordinadora para cada un.

##### Equipos de normalización e dinamización da lingua galega

A persoa responsable da coordinación será nomeado pola dirección por proposta das persoas integrantes do equipo e desempeñará as súas funcións durante dous anos. Preferentemente terá destino definitivo no centro. Poderán incorporarse, para temas puntuais, outras persoas da comunidade educativa. A finalidade fundamental será potenciar o uso da lingua galega.

Son competencias do equipo:

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.

b. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellor a competencia lingüística das persoas que componen a comunidade educativa.

- Propoñer o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar, para a súa aprobación en Consello Escolar, o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

#### Equipo de actividades extraescolares e complementarias

A persoa responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares será unha profesora ou profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe a Dirección por proposta da Xefatura de Estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica. A persoa responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa da Xefatura de Estudos e en estreita colaboración co equipo directivo. Será nomeada ou nomeado por un período de dous anos e cesará ao producirse algunha das circunstancias previstas no artigo 59º do Decreto 374.

A persoa responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, o profesorado, as familias e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- c) Proporcionarlles ao alumnado e as familias a información relativa ás actividades do equipo.
- d) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, a ANPA..
- e) Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen co alumnado.
- g) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- h) Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros da súa contorna.
- i) Garantir que as actividades extraescolares e complementarias estean en consonancia co PE do centro e os valores que este transmite

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita das familias ou responsables legais.
- c) O alumnado estará acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.

#### Equipo de Tics

A persoa responsable será un profesor ou profesora nomeado pola dirección, preferentemente con destino definitivo no centro.

Presentará un plan de traballo, preferentemente bianual, sobre a proposta de traballo que terán como finalidade:

- Coordinar e dinamizar a integración curricular das TIC no centro.
- Fomentar a utilización por parte do resto do profesorado das tecnoloxías audiovisuais ou informáticas na súa actividade docente.
- Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro e velar polo seu cumprimento.
- Elaborar/revisar ao principio de curso o proxecto de traballo a incluír na P.X.A., así como a memoria anual das actividades realizadas.
- Coordinar as actividades que se realicen no Centro en relación co uso destes medios.
- A supervisión da instalación, configuración e desinstalación do software de finalidade curricular.
- Asesorar ao profesorado sobre materiais curriculares en soporte multimedia, o seu uso e estratexia de incorporación á programación didáctica.
- Realizar a análise de necesidades do centro en relación coas TIC.
- Colaborar co centro de formación na elaboración dun itinerario formativo no centro que dea resposta ás necesidades formativas, que neste ámbito, teña o profesorado.
- Apoio e asesoramento ao profesorado sobre a decisión e uso de sistemas de axudas técnicas de acceso as tecnoloxías do alumnado con NEAE.

#### Equipo de biblioteca

A persoa responsable da coordinación será elixida pola Dirección entre o profesorado ao principio de curso por un periodo mínimo de dous anos. De ser posible será un ou unha integrante do profesorado con destino definitivo no centro designado ou designada polo Dirección, e oído o claustro. Para a designación da persoa responsable terase en conta:



Que teña preferentemente formación específica e de ser posible experiencia no traballo co programa de xestión de bibliotecas “meiga” e a súa aplicación didáctica e dispoñibilidade horaria.

As competencias do equipo terán por finalidade:

- Coordinar e dinamizar o uso da biblioteca do centro
- Recompilar e tratar a documentación
- Asegurar a organización, mantemento, e adecuada utilización dos recursos documentais e da Biblioteca do Centro.
- Difundir materiais didácticos e información administrativa, pedagóxica e cultural entre o profesorado e o alumnado.
- Ter ao día o inventario dos fondos bibliográficos do centro
- Facilitar os medios para a óptima utilización da biblioteca
- Establecer un calendario e un horario de uso da mesma
- Establecer canles de comunicación con outros centros documentais externos e outras institucións fundamentalmente do entorno social e cultural do colexio
- Asesorar na compra de novos materiais e fondos para a biblioteca.
- Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e ocio.
- Elaboración do plan anual de lectura.

#### Equipo de convivencia.

A persoa responsable da coordinación será un ou unha integrante do profesorado nomeado pola dirección, preferentemente será unha ou un docente coa especialidade en A.L ou en P.T- a súa función principal será velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan de normas de convivencia

#### Funcións

- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todo o persoal da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todo o persoal da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor, de ser o caso, á dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro.

#### 7.1.2.5 Outros

##### Profesorado. As súas funcións

As funcións do profesorado, que realizarán baixo o principio de colaboración e traballo en equipo, son, entre outras, as seguintes (artigo 91 da LOE):

- a) A programación e o ensino das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c) A titoría do alumnado, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d) A orientación educativa, académica do alumnado, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f) A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- g) A contribución a que as actividades do centro se leven a cabo nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar no alumnado os valores da cidadanía democrática.
- h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos, así como a orientación para a súa cooperación neste.
- i) A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- j) A participación na actividade xeral do centro.
- k) A participación nos plans de avaliación que determinen as administracións educativas ou os propios centros.
- l) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

##### Profesorado titor

A titoría e orientación do alumnado formarán parte da función docente. A Xefatura de Estudos coordinará o traballo do profesorado titor e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

Cada grupo terá un profesorado tutor que será designado polo Dirección a proposta da Xefatura de Estudos. Cada titoría recaerá preferentemente no profesorado que teña maior horario semanal con ese grupo. A Xefatura de Estudos, Secretaria e a Dirección adxudicaránselle as titorías en último lugar, por esta orde e só se é estrictamente necesario.

O profesorado tutor manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio - educativa das súas fillas e fillos e escoitaraas naquelas decisións que afecten a súa orientación académica, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.

Cada profesorado tutor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e as familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo,.
- c) Coñecer as características persoais do alumnado a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumnado.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza - aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades planificadas polo centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao profesorado que inciden no grupo, das características do alumnado, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o alumnado dun mesmo grupo.
- m) Organizar e presidir as sesións de avaliación
- n) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción do alumnado dun curso a outro, logo da audiencia das familias ou responsables legais

- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, ao alumnado mentres este permanece no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar co resto do profesorado titor no marco da concreción curricular do centro.
- q) Orientar as demandas e inqedanzas do alumnado e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar ao alumnado do grupo, as familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias.
- t) Exercer a coordinación entre o resto do profesorado do grupo.
- u) Cumprimentar os documentos relativos ao seu alumnado.
- v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados as familias ou responsables legais e a Xefatura de Estudos.
- x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación das súas fillas e fillos.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.
- O horario do profesorado titor incluírá unha hora complementaria semanal para a atención as familias. Esta hora será os martes de 16:00 a 17:00 horas. Comunicaráselle as familias ou responsables legais do alumnado ao comezo do curso académico. Así mesmo, e en caso de incompatibilidade horaria por parte das familias, facilitará as entrevistas noutros tempos.
- O profesorado titor, coordinará a súa labor a través das correspondentes reunións. Así mesmo realizará, de ser o caso, as reunións oportunas por niveis.
  - Realizarán a correspondente coordinación cos Equipos de actividades Complementarias e Extraescolares, de Normalización e Dinamización Lingüística, de biblioteca, TIC,... en estreita relación coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.
  - Serán os responsables de cumprimentar e enviar o informe escrito ás familias, como mínimo unha vez ao trimestre, así como de recoller e comprobar os xustificantes de recepción.
  - A Dirección coordinará os traballos do profesorado titor e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento do plano de acción tutorial.

Profesorado especialista. Funcións

- Educación Física: imparte a área na etapa da Educación Primaria e Educación Infantil
  - Idioma Estranxeiro (INGLÉS): imparte a área na etapa da Educación Primaria e Educación Infantil.
- Ademais a materia de plástica se impartirá en inglés
- Educación Musical: imparte a materia de Música na Etapa da Educación Primaria e en EI
  - Profesorado de PT e AL: atenden as necesidades de todo o alumnado do centro.
  - Profesorado de Relixión e Moral Católica: Imparten a área en Educación Infantil e Educación Primaria.

As funcións do profesorado especialista e do profesorado que non ten asignada titoría son as seguintes:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial colaborando co profesorado titor.
- b) Participar no proceso de avaliación do alumnado dos diferentes grupos.
- c) Atender as dificultades de aprendizaxe do alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo.
- d) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.
- e) Orientar e asesorar ao alumnado sobre as súas posibilidades educativas na área respectiva.
- f) Colaborar na orientación educativa.
- g) Canalizar os problemas e inquiredanzas do alumnado.
- h) Informar ao profesorado titor do grupo de todo o que lle atinxa con relación ás actividades docentes e ao rendemento académico do alumnado.
- i) Atender e coidar, xunto co resto do profesorado do centro, ao alumnado nos períodos de recreo, nas entradas e saídas do centro e nas actividades complementarias e extraescolares que programe o centro.
- j) Non deixar só ao alumnado en ningún espazo do centro.
- k) Facer propostas de actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa súa área.

Profesorado de PT e AL. Funcións específicas

## Profesorado de AL

Actividades específicas de logopedia tales como:

- Detección de posibles dificultades de linguaxe do alumnado, avaliación e diagnose de ditas dificultades con vistas á elaboración do plan de traballo correspondente, en coordinación coa orientadora ou orientador.
- Intervención nas aulas de Educación Infantil (Programa de estimulación da linguaxe oral), de existir dispoñibilidade horaria.
- Avaliación e tratamento do alumnado con dificultades de linguaxe oral ou no ámbito da lecto-escritura.
- Apoio escolar a alumnado con necesidades auditivas
- Tratamento das dificultades no desenvolvemento da linguaxe oral do alumnado. Sempre que sexa posible, o tratamento levarase a cabo dentro da aula ordinaria e en todos os casos contando coa colaboración do

profesorado titor e das familias. Cando non poida ser así, realizarase fóra da aula ordinaria, individualmente ou en pequenos grupos.

- Colaboración co resto do profesorado nas ACS das áreas de Lingua, revisando conxuntamente o grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Teranse encontros periódicos coas familias, en coordinación co profesorado titor, orientadora ou orientador e profesorado de PT se é necesario, coa finalidade de informarlles sobre a evolución do alumnado e no seu caso, establecer programas de traballo na casa.

Profesorado de P.T.

Os apoios estableceranse no mes de setembro unha vez coñecidas as novas necesidades do centro.

Procurarase, que a súa actividade se desenvolva dentro da aula. O traballo centrarase fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Atención do alumnado con NEAE asociadas a necesidades motoricas
- Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas de integración. Os agrupamentos realizaranse tendo en conta a homoxeneidade dos niveis de maduración e aprendizaxe, procurando respectar o criterio de ciclo. Para lograr unha maior integración no grupo de referencia, o alumnado con necesidades educativas especiais de Primaria seguirán, se é posible, cos apoios e coas adaptacións precisas, as actividades de Educación Física, Inglés, Educación Musical, Informática, Valores e Relixión integrados nos seus grupos respectivos.
- Atención ao alumnado diagnosticado de necesidades educativas específicas por altas capacidades.
- Apoio ao alumnado con problemas de aprendizaxe,...
- Atención ao novo alumnado chegado do estranxeiro (En ausencia do profesorado de AL)
- Selección e elaboración de material adaptado ás necesidades educativas especiais para traballar na aula de apoio. Colaboración co profesorado titor na selección de materiais de aula.
- Coordinación co profesorado titor, orientadora ou orientador e logopeda para elaborar as ACS.

### **7.1.3 Persoal da administración**

- Persoal de conserxería: dependente do concello.
- Persoal do comedor: dependente dunha empresa privada xestionado pola ANPA
- Persoal de limpeza: dependente dunha empresa privada contratada polo Concello

### **7.1.4 Asociación de nais/pais**

As relacións coa ANPA son excelente e a mellor proba é o gran número de participantes en tódalas actividades que organizan, sempre están abertos a colaborar coas actividades do Colexio e viceversa.

Sen dúbida, a continuidade do traballo ben feito de anos atrás, pero incorporando novidades e actuacións, fan que actualmente contemos cunha ANPA que desenvolve un excelente traballo. Contan cun local reservado para o seu uso.

Só poderán participar en dita asociación os pais/nais/titores/titoras do alumnado que cursa estudos no Centro.

#### FINALIDADES

As súas finalidades son as seguintes:

- Asistir as familias no concernente á educación das súas fillas e dos seus fillos.
- Colaborar nas actividades educativas do Centro.
- Promover a participación das familias na xestión do Centro.
- Facilitar a representación e a participación das familias do alumnado no Consello Escolar.

#### COMPETENCIAS

- Elevar ao Consello Escolar propostas para a elaboración da Programación Xeral Anual, para a modificación/revisión do PE e en particular do NOFC
- Informar ao Consello Escolar dos aspectos da marcha do Centro que considere oportuno.
- Informar as familias das súas actividades.
- Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciativa propia ou por petición deste.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na PXA
- Coñecer os resultados académicos e a valoración que dos mesmos realice o Consello Escolar.
- Recibir información sobre os libros de texto e materiais adoptados polo Centro.
- Fomentar a colaboración entre as familias e o profesorado para acadar un mellor funcionamento.
- Dispoñer das instalacións do Centro nos termos que estableza o Consello Escolar.

#### ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES

No ámbito da organización, manteñen unha estreita relación co profesorado. Forman parte do Consello Escolar ao que levan as súas suxerencias e inquiredanzas. A ANPA organiza actividades pola tarde.

Todo o alumnado do Centro ten dereito a participar nas mesmas abonando as cotas correspondentes. Trátase de que os prezos sexan reducidos.

A planificación das actividades será aprobada polo Consello Escolar e incluída na PXA.

#### FORMAS DE COLABORACIÓN

Á hora de realizar actividades en colaboración con diferentes institucións ou de demandar algún tipo de intervención, farase a través do Equipo Directivo, que realizará a petición, por oral ou escrito dependendo das esixencias administrativas.

No caso da ANPA comunicarase a través dun ou dunha integrante da Xunta Directiva, sempre que sexa posible, a través do seu Presidente ou Presidenta.

### 7.1.5 Horarios

O horario do Centro é de 9.00 a 14.00 horas:

1ª Sesión	09.00 – 09.50
2ª Sesión	09.50 – 10.40
3ª Sesión	10.40 – 11.30
Recreo	11.30 – 12.00
Lectura	12.00 – 12.20
4ª Sesión	12.20 – 13.10
5ª Sesión	13.10 – 14.00

As portas do recinto abriranse ás 8.50 horas.

## 7.2. Educación Infantil

### 7.2.1 Criterios agrupamento en infantil

A distribución do alumnado ao chegar ao centro farase tendo en conta as seguintes premisas, coa finalidade de mellorar a organización educativa:

- por idade
- equilibrio de nenos e nenas
- equilibrio do alumnado segundo a data de nacemento
- reparto adecuado para respectar unha maior atención ao alumnado de NEAE

### 7.2.2 Medidas para o período de adaptación en infantil

O período de adaptación realizarase no mes de setembro tal e como establece a lexislación actual e non poderá exceder o mes de setembro.

Neste período, que se establecerá ao inicio de cada curso, os pais e nais dos nenos e nenas traerán os seus fillos e fillas nos grupos e nos períodos de sesións que serán establecidos polo titor ou titora do grupo para favorecer a súa adaptación ao centro.



### 7.2.3 A Familia

A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre familia e profesorado son básicas en calquera etapa educativa.

A escola non pode nin debe pretender substituír a familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír ao alumnado. Canto máis se coñezan o profesorado e as familias, máis se favorece o benestar do alumnado.

A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe ao alumnado nunha mesma dirección. Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías, complementarias, de participación:

- A través dunha implicación das familias no proceso educativo, que conleve:

- Un consenso familia-escola
- Unha comunicación fluída e constante.

- A través do Consello Escolar, coa cooperación na organización do Centro.

No que respecta á primeira vía, é dicir, a implicación das familias no proceso educativo, nalgúns casos non é doado establecer unha boa corrente comunicativa, pero sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da Escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:

**-Reunións xerais** nas que cada profesorado titor convoca a tódalas familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos, saídas culturais, festas a celebrar,...

**-Entrevistas individuais** que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familia-escola e para recabar datos sobre:

- A situación socioambiental e familiar do alumnado.
- Datos persoais de saúde, relacións con outro alumnado, xogos preferidos, relacións coa familia). Por parte do profesorado titor, este dará información ás familias sobre a evolución das súas fillas e dos seus fillos.

Todas estas xuntanzas lévanse a a cabo do seguinte modo:

#### **En Educación INFANTIL:**

**-E.I. 3 anos.-** Terase unha reunión coas familias unha vez realizadas as matriculas, antes de que o alumnado se incorpore as súas respectivas aulas. Nesta reunión explicarase ás familias o que significa a entrada dos seus fillos e fillas na vida escolar, e ó mesmo tempo pediráselles a súa colaboración para a adquisición de determinados hábitos que favorecerán a adaptación do alumnado.

Así mesmo farase a presentación do profesorado titor ás familias para establecer con elas un necesario clima de confianza, dada a corta idade do novo alumnado e que para moito dese alumnado e das súas familias este é o primeiro contacto coa escola.

**-E.I. 3, 4 e 5 anos.-** Establecense reunións trimestrais coas familias para informarlles de todos aqueles aspectos relativos a evolución do alumnado, e cambiar impresións para un mellor seguimento do alumnado.

Ademais destas posibilidades de contacto entre profesorado titor e familias, fíxanse uns horarios semanais de titorías e atención as familias que quedan establecidas tódolos martes lectivos do curso de 16:00 a 17:00 da tarde non só para Educación Infantil senón para tódolos niveis.

#### **7.2.4 Liñas xerais para a elaboración do plan de acción tutorial**

Xunto co departamento de orientación elaborárase un plan de acción tutorial encamiñado principalmente a:

- aprendizaxe de habilidades sociais
- hábitos de hixiene e alimentación
- favorecer a integración do alumnado ao seu grupo e centro
- fomento da autonomía
- desenvolvemento da autoestima
- orientación familiar.

#### **7.2.5 Atención educativa**

Como norma xeral serán atendidos preferentemente polo profesorado titor e non poderán realizar, neses tempos, actividades curriculares, pero si traballo sobre valores, emocións...

#### **7.2.6 Coordinación entre etapas e ciclo**

Cada curso académico, realizarase unha entrevista en setembro co profesorado que se ocupe do alumnado procedente de educación infantil coa finalidade de recabar toda a información relevante que lle poida servir no seu proceso de aprendizaxe e que sexa de axuda para elaborar a súa avaliación inicial.

#### **7.2.7 Aspectos curriculares**

##### **a. Obxectivos xerais**

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos e coas demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

- g) Inicialse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

#### **b. Areas de educación infantil**

Os contidos educativos da educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da contorna.
- Linguaxes: comunicación e representación

#### **c. Principios metodolóxicos e pedagóxicos**

Os métodos de traballo basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social.

Nesta etapa imos facer un especial fincapé no papel do profesorado de educación infantil que é unha figura de especial relevancia para os nenos e nenas. É por iso que debe:

- Manter e transmitir ao alumnado unha actitude tolerante de respecto e confianza, afectuosa e non discriminatoria.
- Constituir un punto de referencia afectivo-emocional
- Partir dos intereses do alumnado
- Propor situacións que susciten un grado de conflito cognitivo (social e afectivo) que lle axuden a avanzar na súa aprendizaxe.

A metodoloxía que se vai empregar será a que permita a globalización da aprendizaxe e a funcionalidade do mesmo, facendo que os nenos e nenas se inicien no logro das competencias básicas. Para iso é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas.

#### **d. Liñas xerais de atención a diversidade**

Na etapa de Educación Infantil atenderase a diversidade do alumnado tendo en conta as súas características individuais. Realizando os apoios necesarios para o logro e consecución dos obxectivos da etapa.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo terá en conta os principios de inclusión e integración e seguirá o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade.

**e. Os criterios procedementos e instrumentos para a avaliación.**

Na etapa da educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.

A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. A estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

Coa finalidade de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:

- a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- b) A coordinación entre o profesorado dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos e cursos.
- c) A regularidade e calidade da relación coas familias e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso das nenas e dos nenos a través dos informes trimestrais, do contacto informal diario e das entrevistas individuais.

A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerza a titoría, que recollerá a información proporcionada polas outras e outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular e que deberá deixar constancia das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada nena e de cada neno.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións do alumnado e as entrevistas coas familias ou responsables legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

As persoas profesionais que desempeñan o seu labor na educación infantil avaliarán, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

**f. Criterios de promoción.**

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de

consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

O finalizar o ciclo, coa finalidade de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. Na sesión final de avaliación decidirase sobre a promoción do alumnado, tomando a decisión de forma colexiada pero primando o criterio do profesorado titor. O alumno promocionará ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao curso seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso. Neste caso, adoptaranse as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes. O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida só poderá ser adoptada unha vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación.

Os criterios de promoción veñen dados polos obxectivos mínimos de etapa. Promocionará aquel alumnado que sexa quen de:

- Recoñecer e usar conceptos básicos
- Comunicarse e expresarse oralmente
- Comprender mensaxes sinxelas
- Valorar e respectar as normas básicas de comportamento e convivencia
- Realizar autonomamente hábitos e rutinas
- Relacionarse e participar en actividades grupais.

#### **g. Tratamento lingüístico**

Na práctica docente seguiranse as pautas marcadas Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

O equipo de dinamización da lingua galega elaborará actividades que fomenten o uso do Galego nesta etapa.

#### **h. Aspectos xerais para a elaboración da programación docente**

Tal e como establece o art. 9 da Orde do 25 de xuño de 2009, as programacións didácticas incluírán, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, materiais e recursos, medidas de atención á diversidade, procedementos e instrumentos de avaliación, actividades

complementarias e extraescolares, concreción do plan de convivencia e do plan das tecnoloxías da información e da comunicación para o ciclo.

### **7.3. Educación Primaria**

#### **7.3.1 Criterios agrupamento en Primaria**

Segundo o catálogo de postos de traballo publicado no DOG do 29 de xullo de 2014 están autorizadas 3 unidades en primaria. A distribución do alumnado, ao agrupalo, farase buscando unha mellor organización educativa e pedagóxica.

#### **7.3.2 A Familia**

Realízase a principio de curso unha reunión do profesorado titor coas familias, de xeito que antes do 10 de outubro reuniranse o profesorado titor de cada curso coas familias para tratar aspectos relativos ao funcionamento do curso, normas, hábitos recomendados,...

- Realización de entrevistas individuais coas familias os martes de 4 a 5, ou noutro horario de mutuo acordo.
- Realización dunha segunda reunión, (sempre que o profesorado titor considere a conveniencia da mesma), de aula ou persoal no mes de xaneiro-febreiro para explicar a evolución, e progresos así como as dificultades atopadas, expoñendo as posibles actuacións encamiñadas á mellora dos resultados globais, tanto académicos como conductuais..
- Orientacións sistemáticas ao alumnado de 6º para o paso ao I.E.S. “A Guia”, e outras posibilidades de matriculación noutros I.E.S.

#### **7.3.3 Liñas xerais para a elaboración do plan de acción titorial**

1. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e da coordinación co departamento de orientación. O profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas de acordo co que estableza a consellería competente en materia de educación, e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar, coa finalidade de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

2. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un mestre titor ou unha mestra titora, designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos.

3. É función do profesorado titor informar regularmente as familias que exerzan a tutoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

#### OBXECTIVOS XERAIS

- Axudar ao alumnado na súa formación persoal integral (carácter, personalidade, autoestima, capacidades, hábitos, actitudes de esforzo e cooperación...)
- Proporcionar ao alumnado unha orientación educativa adecuada, conforme as súas aptitudes, necesidades e intereses.
- Garantir unha guía e axuda personalizada ó alumnado, especialmente a aqueles que presenten algunha necesidade educativa.
- Favorecer os procesos de mellora educativa a través da participación en actividades formativas para os equipos docentes.
- Fomentar a participación activa do profesorado nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.
- Establecer as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para lograr o desenvolvemento integral do alumnado.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Asumir como tarefa primordial a orientación e a acción titorial do alumnado.
- Coñecer as características propias do alumnado, asumindo que cada persoa é única.
- Realizar un seguimento personalizado do alumnado cun enfoque preventivo que evite, dentro do posible, a aparición de disfuncións e desaxustes.
- Adecuar as programacións, o ensino e a avaliación á diversidade do alumnado.
- Potenciar a coordinación do profesorado que imparten ensinanza ao mesmo grupo, coa finalidade de unificar criterios e pautas de acción.
- Implicar ás familias na educación do alumnado para unificar criterios e pautas educativas e así conseguir unha maior coherencia entre a escola e a familia.
-

- Coordinar recursos para atender ás necesidades do alumnado buscando a complementariedade da diversidade de profesionais que interveñan.
- Propiciar un clima de clase adecuado para a convivencia e o traballo escolar buscando a inclusión de todo o alumnado.
- Favorecer a transición do alumnado desta etapa educativa EP á ESO.
- Mediar en situacións de conflito entre o alumnado, ou co profesorado e/ou coa familia, buscando sempre unha solución adecuada para toda a comunidade educativa.

#### **7.3.4 Atención educativa**

Como norma xeral serán atendidos preferentemente polo profesorado titor e non poderán realizar, neses tempos, actividades curriculares, pero si traballo sobre valores, concursos.

#### **7.3.5 Aspectos curriculares**

##### **a. Obxectivos xerais**

Contribuirán a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores básicos que rexen as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Establecer relacións equilibradas e construtivas, evitando condutas agresivas e violentas.
- Valorar criticamente as diferenzas de tipo social, rexeitando calquera discriminación por razóns de sexo, xénero, raza, ideoloxía ou doutras características individuais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións co resto da comunidade, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Colaborar nas actividades de grupo, participando dun xeito democrático e contribuíndo a crear un clima de respecto, solidariedade e tolerancia.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, escolar,... así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.



- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e a lingua galega, oral e escrita, nos distintos contextos e desenvolver hábitos e gusto pola lectura fomentando o uso da biblioteca do Centro e de aula.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás e contribuír ao respecto e coñecemento doutras culturas.
- Aplicar a linguaxe verbal, matemática, artística e musical ás distintas situacións nas que poidan atoparse nestas idades, aproveitando as saídas culturais aos distintos museos e institucións culturais, que lles ofrece o seu barrio e cidade (Auditorio, Centro Sociocultural...).
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e o seu coidado. Así mesmo valorar o contorno natural, social e cultural de Galicia e de España.
- Valorar as repercusións de certos hábitos que poden resultar danos e prexudiciais para a saúde e a calidade de vida.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, valorando o exercicio físico como fonte de saúde e harmonizar a súa práctica co coñecemento e respecto do seu entorno e coa adquisición de hábitos saudables e hixiénicos.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico, participando en programas axeitados.

### **b. Areas de educación Primaria**

1. Nesta etapa educativa as disciplinas agrúpanse en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

Dentro do bloque de disciplinas troncais, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

- a) Ciencias da natureza.
- b) Ciencias sociais.
- c) Lingua castelá e literatura.
- d) Matemáticas.
- e) Primeira lingua estranxeira

Do bloque de disciplinas específicas, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

- a) Educación física.
- b) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección das familias ou das persoas que exerzan a tutoría legal.
- c) Educación artística.

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua castelá e literatura. Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa

### **c. Principios metodolóxicos e pedagóxicos**

1. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

2. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de

metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

3. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada do alumnado, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

7. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

8. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

9. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, coa finalidade de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

#### **d. Liñas xerais de atención a diversidade**

Na etapa de Educación Primaria atenderase a diversidade do alumnado tendo en conta as súas características individuais. Realizando os apoios necesarios para o logro e consecución dos obxectivos da etapa.

Cando teñamos algún alumno ou alumna con necesidade específica de apoio educativo terase en conta o establecido no Real Decreto de atención a diversidade Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

#### **e. Procedementos e instrumentos para a avaliación.**

Avaliaremos o proceso de ensinanza, a propia práctica educativa e o desenvolvemento de capacidades por parte do alumnado acorde cos obxectivos previstos. Empregaremos instrumentos como:

- A observación directa e sistemática: listas de control, rexistros anecdóticos ou diarios de clase/portfolio.
- A análise das producións do alumnado: monografías, resumos, caderno de clase, resolución de exercicios, textos escritos, textos orais, gravacións, producións artísticas e dramáticas, investigacións e xogos.
- Intercambios orais co alumnado: diálogos, entrevistas, asambleas, posta en común, chuvias de ideas...
- Probas específicas: probas obxectivas, cuestionarios, test, probas abertas, exposicións, resolucións de exercicios...

A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, aínda que debe ser continua, realizarase en tres momentos relevantes:

- Avaliación inicial: a partir das entrevistas coas familias, informes de escolarización anterior ou a través da observación dos primeiros días e tamén a través da análise de traballos de aula nos que se repasen contidos do ano anterior.
- Avaliación formativa e continua: no día a día coa revisión de tarefas e actividades. As familias serán informadas continuamente deste proceso, tanto a través dos boletíns de información trimestral, nas horas de atención ás familias ou en contactos máis informais.
- Avaliación sumativa: tendo en conta as avaliación feitas ó longo do curso e plasmadas no informe de avaliación final

Ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes do curso escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias

básicas. Esta avaliación incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior e completárase coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Ó comezo do curso farase un repaso do curso anterior con actividades escritas e orais que nos darán a información necesaria sobre os coñecementos previos do alumnado.

Ao principio do curso, o profesorado informará ao alumnado e ás familias de cales van ser os criterios de cualificación que se van a seguir.

Estes valoráranse de acordo ás seguintes porcentaxes

<b>COÑECEMENTOS:</b>	50-80%
Avaliados en test, probas escritas, orais, traballos e proxectos individuais ou colectivos.	
<b>TRABALLO</b>	10-25%
Traballo diario na clase Exercicios de clase Deberes, tarefas Cadernos de actividades	
<b>ACTITUDE</b>	10-25%
Motivación, interese. Esfuerzo, atención, participación. Comportamento, respecto das normas de aula e de centro así como colaboración no mantemento dun bo clima de aula.	

Esta será a base común para todas as áreas do currículo aínda que é susceptible de variar en certas materias a criterio do profesorado.

#### **f. As competencias básicas na concreción curricular. Estratexias para o seu desenvolvemento**

As competencias, para o decreto 105/2014, son capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, coa finalidade de acadar a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A competencia clave constitúe a dotación cultural mínima que calquera persoa debe adquirir.

A competencia é a forma en que as persoas logran mobilizar todos os seus recursos persoais (cognitivos, afectivos, sociais, etc.) para acadar o éxito na resolución de una tarefa en diferentes contextos definidos. As competencias constitúen un tipo de aprendizaxe que se sitúa entre os comportamentos e as capacidades.

Para o efecto do decreto as competencias clave son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debe potenciarse o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A contribución de cada área ao desenvolvemento das competencias claves pódese contemplar dende un dobre enfoque. En primeiro lugar, resaltando aqueles aspectos das competencias que poden ser desenrolados. E, en segundo lugar, dende a óptica dos criterios de avaliación como referentes Fundamentais.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A adquisición dunha competencia clave supón: a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamentos que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Caracterízanse pola súa transversalidade, dinamismo xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que vanse desenvolvendo e van adquirindo maiores niveis de desempeño, o seu carácter integral, debe abordarse dende todas as áreas de coñecementos.

As competencias clave deben de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares.

#### a). COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Finalidade: Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Utilizar a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregar de forma funcional como mínimo unha lingua estranxeira.

## b).- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

## Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Utilizar espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información para resolver problemas de situacións cotiás e tomar decisión.

Ser quen de comprender e interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana. Comprender como funcionan e interactúan os seres vivos e o medio.

Aplicar e utilizar coñecementos científicos e tecnolóxicos básicos.

## c). COMPETENCIA DIXITAL:

## Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.

Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

## d). COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER:

## Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Xestionar e controlar as súas propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou autonomía persoal

Inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade cooperar ,de autoavaliarse e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo isto desenvolto a través de experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes tanto individuais coma colectivas.

## e). COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA:

## Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Comprender a realidade social na que vive.

Afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores éticos e prácticas democráticas.

Exercer a cidadanía actuando con criterio propio Contribuír á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas

f). SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR:

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico

Chegar a acadar unha serie de cualidades e habilidades persoais, sociais e de dirección e liderado.

g). CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI:

Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: Ter adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas Aplicar habilidades de pensamento diverxente e traballo colaborador.

Adoptar unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.

Mostrar interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural

**g. Criterios de promoción.**

Ao remate de cada curso e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora. Criterios de promoción e porcentaxes a ter en conta nas avaliacións. Establecéronse os seguintes criterios de promoción:

- O alumnado con tódalas áreas superadas promocionan ao seguinte curso.
- O alumnado con dúas ou menos áreas non superadas que non sexan lingua galega, lingua castelá ou matemática, promocionan ao seguinte curso. Aínda que se valorará cada caso individualmente.
- O alumnado con tres ou máis áreas non superadas non promocionan ao curso seguinte. Aínda que se valorará cada caso individualmente.



De non promocionar, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

#### **h. Tratamento lingüístico**

Na práctica docente seguiranse as pautas marcadas Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario. Fomentaremos o plurilingüismo e a diversidade lingüística e cultural

#### **i. Tarefas extraescolares**

Segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, terase en conta o establecido no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **j. Aspectos xerais para a elaboración da programación docente**

##### **Indicadores**

Introdución e contextualización

Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias CLAVE

Obxectivos

Secuencia de contidos

Actividades

Temporalización

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe relacionados

Mínimos exixibles para o logro das competencias básicas

Procedementos de avaliación

Instrumentos de avaliación

Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Actividades de recuperación e reforzos para lograr a dita recuperación

Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador

Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto

Medidas de atención á diversidade

Programación da educación en valores  
Accións de contribución ao proxecto lector  
Accións de contribución ao plan TIC  
Accións de contribución ao plan de convivencia  
Accións de contribución ao proxecto lingüístico  
Actividades complementarias e extraescolares  
Procedementos para avaliar a propia programación

### **Aspectos procedimentais**

Está entregada en prazo  
Segue as directrices da CCP  
Incorpora modificacións propostas na memoria do curso anterior  
Está en galego

### **7.4 Relacións institucionais**

Existe unha variedade moi ampla de relacións con diferentes institucións:

- Coa ANPA hai un contacto permanente á hora de organizar xornadas e actividades para toda a comunidade educativa. Colaboran en temas que melloran o funcionamento do noso centro como pode ser o aula madrugá, comedor, transporte, actividades extraescolares e actividades escolares.
- Co Concello de Vigo: Participase en diferentes actividades que propoñen as diferentes concellerías( camiña con nos pola igualdade, vigoeduca, etc )
- Servizos sociais: mantense contacto co Departamento de Educación e coa Traballadora Social do barrio para facer o seguimento do alumnado con problemas de integración así como para o control do absentismo escolar e tamén para o seguimento de casos puntuais de alumnado en situación familiar desfavorecida.
- Con outras asociacións deportivas e recreativas da contorna (Comunidade de Montes de Teis, Balonman Chapela, etc)
- Con sindicatos, recibindo visitas periódicas de carácter informativo das distintas organizacións.

### **7.5 Plans e proxectos do centro**

Nos próximos anos intentaremos participar nalgúns plans e proxectos que impulsa a consellería de educación a través do Plan proxecta (PDC,..)

Tamén impulsaremos un proxecto de modificación dos patios do colexio.

Xa somos un centro plurilingüe e queremos aumentar as horas impartidas en lingua inglesa. Para o cal nos vindeiros anos teremos que modificar este proxecto

## **8. Modificacións e difusión do PE**

Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no Consello Escolar, quedando derogado o anterior.

Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar que terá que levar a cabo a súa proposta a través do sector que o represente no consello escolar.

A aprobación dunha modificación precisará da maioría simple do consello escolar.

As modificacións incorporaranse como engadidos ao documento inicialmente aprobado.

O Proxecto educativo aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera persoa da comunidade escolar. Faráselle chegar una copia a Inspección e outra á ANPA do colexio.

Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, a disposición de calquera persoa que solicite consultala.

O equipo directivo encargarse de dar a máxima publicidade posible ao PE entre o profesorado e o resto da comunidade escolar.

## **9. Anexos**

- Plan de convivencia.
- Proxecto lingüístico
- Normas de organización, funcionamento e convivencia.

**APROBACIÓN DA PROXECTO EDUCATIVO POLO CONSELLO ESCOLAR**

O día **20 de marzo** previa convocatoria do Presidente, celebrouse na sala do profesorado a reunión do Consello Escolar en sesión Ordinaria, figurando na Orde do Día como punto 2º “Lectura e aprobación do novo Proxecto Educativo”.

Despois de revisar os seus apartados e tras facer as aportacións oportunas, aprobouse por tódolos integrantes do Consello Escolar

**Vigo, 21 de marzo de 2018**

Vº e Prace

O Director



Asdo. Javier Rodríguez Castro

